



DISTINTOS MODOS DE ENVENENARTE

FUMAR
TABACO
VAPEAR
CACHIMBA

FINANCIADO POR:


Concello de Lugo
ALCALDÍA
Xuventude e Deportes



MINISTERIO
DE SANIDAD

SECRETARÍA DE ESTADO
DE SANIDAD
DELEGACIÓN DEL GOBIERNO
PARA EL PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS



AS ADICCIÓN DEIXAN PEGADAS

TABACO E OUTRAS COUSAS TÓXICAS



Adóitase xerar confusión para facer crer que algunhas formas e produtos non prexudican a saúde. Proxéctase en ocasións unha imaxe “elegante” moderna e contemporánea do seu uso, falando os fabricantes sempre de “utilizar”, xa que non se quere asociar á palabra “fumar” de grandes connotacións negativas co seu dispositivo.

En resumo, hai dispositivos para fumar que levan tabaco e nicotina, e que manteñen o poder adictivo desta, polo tanto os seus riscos para a saúde.

A pesar de non emitir fume, algúns, con partículas tóxicas procedentes da combustión do tabaco, si xeran un aerosol en cuxa composición existen substancias e partículas nocivas para a saúde.

TABACO DE LEAR

- Vello coñecido que hai un tempo que volveu ao mercado por moda e economía.
- Ao ser máis barato, pénsase tamén que hai menos elaboración, incluso que é menos daniño.
- A cantidade de alcatrán é maior.
- As mesmas cantidades de monóxido de carbono e resto de compoñentes tóxicos e danos para a saúde (ver os famosos compoñentes ocultos do tabaco).
- Mesmos riscos para a saúde que os cigarros convencionais.



TABACO SEN COMBUSTIÓN

- Son cigarros máis pequenos, pero tamén tabaco á fin e ao cabo.
- Véndense como menos tóxicos por ser tabaco quentado, e non queimado, pero é unha falacia.
- Poden xerar outras substancias perigosas como o ACENAFTENO, que é un composto cancerixeno, que se encontrou en cantidades que multiplican por dous á dos cigarros clásicos.



CIGARRO ELECTRÓNICO OU VÁPER

- Dispositivo que contén habitualmente nicotina (principal compoñente adictivo do tabaco).
 - Usan un líquido que contén PROPILENGLICOL e/ou GLICERINA.
- No vapor que inhalan as persoas usuarias, detectáronse FORMALDEHÍDO, ACETALDEHÍDO e ACROLEÍNAS. Máis NÍQUEL, CROMO e CHUMBO (substancias cancerixenas) que nos convencionais.
- O cigarrillo electrónico parece un “pincho” pendrive. Cada cartucho ten unhas 200 caladas de nicotina= á dun paquete de tabaco convencional.



CACHIMBA

- Unha sesión de fumar cachimba proporciona:

- 125 veces máis FUME
- 25 veces máis ALCATRÁN
- 2,5 veces máis NICOTINA
- 10 veces máis de MONÓXIDO DE CARBONO

Ademais, o consumo da pipa de auga o seu consumo ten efectos negativos na presión arterial, frecuencia cardíaca, rixidez arterial etc.

O seu uso compartido aumenta a probabilidade de transmisión de enfermidades contaxiosas...



**NON CONSUMES
CONSÚMECHE**